Mate-glifos. Orixe e evolución dos símbolos en matemáticas
Nicanor Alonso / Miguel Mirás

Cunha linguaxe accesible a todos os públicos, este libro percorre a historia das matemáticas a través dos seus símbolos, dende os glifos dos xeroglíficos exipcios ata a sofisticada notación actual. Permitiranos coñecer historias e anécdotas relacionadas coas matemáticas e coas persoas que realizaron as diferentes propostas. Saberemos, por exemplo, a razón do uso da letra «x» para indicar o descoñecido, descubriremos cal é o mellor método para empaquetar esferas ou sorprenderémonos coa utilidade do número «e» para buscar a parella ideal. E tamén teremos a oportunidade de resolver crebacabezas, enigmas e pasatempos que, sen dúbida, espertarán a nosa curiosidade matemática.

Vísceras de arco iris
VV. AA.

Publicación coas obras gañadoras dos XLVI Premios Literarios "Minerva" 2018, con obras narrativas de Alba Pérez Barcala, Juan Christian Rodríguez Fernández, Uxía León Fernández, Iago Fraga Vilas, Mireya Rodríguez Fernández e Helena Gómez Villanueva; e poéticas de María Fernández Quiñones, Jorge Moral Vidal, Juan Carlos Rocamonde Quintela, Carmen Charle Lestón, Lois Pérez González e Cristina Souto Pita.

BIBLIOTECA ESCOLAR

Novedades 20

Biblioquendas.blogspot.com
Curso 2019-2020

I.E.S. Lama das Quendas

R/ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 – Fax: 982870233
e-mail:ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas



Beleza vermella
Arantza Portabales

En Santiago cométese un espantoso crime que, en realidade, semella unha obra de arte. Unha instalación de vangarda. A asasinada é a sobriña da máis importante artista galega, e a maneira en que aparece o cadáver semella un dos seus traballos de vangarda. Todo o cuarto cuberto uniformemente co sangue da vítima. Será que matar pode ser unha forma de arte? Seis persoas, todas achegadas á vítima, son sospeitosas, porque todas poderían ter motivos para cometer o crime. Polo medio, paixón sen control e un manexo da intriga que fai desta autora unha das voces cruciais da novela negra galega contemporánea.

71 propuestas para educar con perspectiva de género
VV. AA.

Titulado ’71 propuestas para educar con perspectiva de género’, este libro quiere ser un estímulo para el análisis y la reflexión, pero también para la acción. Una base conceptual a partir de la que imaginar una escuela más justa y libre de violencias sexistas, pero también una caja de herramientas que nos permitan ponernos a trabajar con prontitud, para descubrir, tal vez en el proceso, los siguientes pasos que queremos ir dando.

Este material cuenta con pocas reflexiones generales y muchas propuestas concretas, que no deben ser entendidas como instrucciones para ser seguidas al pie de la letra, sino como inspiraciones para la innovación, sencillas orientaciones necesariamente adaptables a cada realidad concreta.



Ulf de Jakobsland. Os viquingos en Galicia
Alberto Varela Ferreiro

Finais do século XI. Un vello conde danés, antigo xefe viquingo agora convertido ao cristianismo, arriba ás costas de Faro Brigantium, a primeira etapa da súa peregrinación ata Santiago de Compostela, na terra onde se fixo famoso como guerreiro. É o final da súa vida e o final dun tempo; as novas crenzas mestúranse cos deuses ancestrais e as vellas lembranzas, coas novas.Foi no ano 844 cando os viquingos chegaron por primeira vez ata o antigo reino de Gallaecia, coñecido no norte como Jakobsland, nunha serie de incursións dirixidas por afamados guerreiros que rematarían a mediados do século XI coa derrota de Ulv Galiciefarer, o conquistador de Galicia e o derradeiro viquingo. Esta é a historia dos viquingos na Galicia da Alta Idade Media.